

Pregón do Nadal-Begonte, 89

Todo nacemento, polo feito de selo, produce no seo da familia e no seu entorno unha grande ledicia. Que alguén veña á vida, cheo de vida, é sempre un motivo de contento e de satisfacción.

Pero aínda máis, ou millor, esa ledicia aínda é máis plena e profunda, se esa nova vida é aceptada por aqueles que decidiron traela ó mundo. E Xesús de Nazareth, fillo de Deus para os cristiáns, foi aceptado voluntariamente. Dinos San Lucas: "O anxo díxolle: Non temas, María, porque atopaches gracia diante de Deus; concebirás e darás a luz un fillo, a quen poñerás por nome Xesús...Dixo María: Velaquí a serva do Señor. Fágase en min segundo a túa palabra" (Luc.1,30-38). Polo que vimos de dicir, cando chegou o nacemento de Xesús, seguro que significou un motivo de plena ledicia, para aqueles pais que aceptaron tan plenamente os designios de Deus, aínda que as circunstancias do nacemento non foron moi doadas, "...estando alí, cumpríronse os días do parto e deu a luz ó seu fillo primoxénito, envolveuno nos pañais e deitouno no pesebre, por non ter sitio para eles no mesón". Non por iso o nacemento daquel neno supuxo para os pais un motivo de desacougo. Seguro que non.

Pero ademáis, por extensión para toda a humanidade, o nacemento de aquel neno, independentemente das creencias de cada quen, supuxo para tódolos homes un profundo cambio e un profundo motivo de reflexión. Non se pode entender a cultura occidental se non se entende desde a perspectiva do

que supuxo o cambio tan profundo que motivou nela o nacemento, vida e morte de Xesús.

O cristianismo trouxo doutrinas radicalmente novas, totalmente alléas ó que dixeran os filósofos gregos. Pero sobre todo hai unha que compre sulíñar: O cristianismo puxo a Deus en relación coa historia. E veuno poñer nun dobre sentido:

-Dunha banda, en canto que Deus é providente e ocúpase directamente dos asuntos humanos, da marcha da historia.

-Doutra, porque Deus entra na Historia: Deus fíxose home nun lugar e nuns momentos ben determinados e precisos.

Este feito histórico constitúe o centro da Historia: Toda a Historia -desde a creación do mundo ata o xuicio final- adquire significación e senso á luz deste feito.

O profundo cambio que motivou a entrada do cristianismo, o nacemento de Xesús, na Historia é algo consustancial coa historia do home occidental, e hoxe non poderíamos entender este home, a cultura deste home occidental, se pretendésemos facer abstracción do cambio tan radical que motivou a entrada na historia de Xesús de Nazareth.

Pero isto hai que entendelo non só desde a perspectiva do crente. O home que cre, a persoa que cré na divindade de Xesús, con todo o que iso supón, sabe que desde que Xesús entra dentro del, tén que ter unha vida nova, xa que Xesús veu sementar uns ideais propios dun home novo; uns novos

valores, en terminoloxía máis moderna. Este home sabe que nos outros homes ten que atopar non competidores senón irmáns; non ha de ir na procura do propio benestar senón compartir; non se ha de salvar el só, senón en comunidade; non pode busca-lo proveito propio senón a igualdade e a xusticia para tódolos homes; non buscará o "dente por dente, ollo por ollo", senón que terá que perdoar como él perdoou.

Pero tamén a persoa que non ten fé sabe que moitos dos valores introducidos polo cristianismo forman hoxe parte da vida diaria do home; son un acerbo común ó home occidental, no seo da súa cultura: a literatura, a Historia, a pintura, o dereito...do home occidental serían incomprensibles se non se entendesen tamén desde a perspectiva do que supuxo a irrupción do Deus cristián na historia.

Agora ben: Ese nacemento que hoxe pregoamos, e do que estamos a falar unha e outra vez, ¿Tén significación para o home de hoxe?...En certa medida, ¿Non faríamos un "secuestro", unha ocultación intencionada, daquela raiola de sol que entrou na historia do home?... Velaquí un punto de reflexión que convén ter en conta e non perder de vista.

Os homes somos capaces de asimilalo todo, vexetativa e espiritualmente. Asimilalo para facelo máis comprensible e para facelo, polo tanto, á nosa medida.

¿Qué fixemos os homes de Xesús?¿Qué fixo a Igrexa, os homes e mulleres cristiáns, de Xesús? Reducilo en moitas ocasións a uns ritos baleiros de

todo contido, que a nada comprometen e que fan que de algún xeito vivamos tranquilos e sen preocupacións. E aínda por riba, estamos salvados.

Os homes esquecen con demasiada frecuencia que a mensaxe que trouxo aquel neno que naceu en Belén é unha mensaxe de compromiso serio para facer un mundo mellor. Un mundo onde reine a paz, a armonía, a xusticia, a igualdade entre tódolos homes, ós que el veu facer irmáns.

Deste compromiso, o home quere pasar. Prefire vivir dun modo formal, cumprir cuns principios formais que a nada comprometen pero que acalan a conciencia, antes que loitar dun modo claro e desinteresado, por facer deste mundo -real e material- o mundo mellor dos posibles. Entende mal aquela frase de "O meu Reino non é deste mundo", e por iso prefire despreocuparse del e preocuparse de chegar ó outro. Pero, ¿Cómo pode conseguilo outro se se desentende deste do que, como persoa, forma parte?

Se algo puxo de manifesto Xesús ó longo da súa vida, e tamén coa súa morte, foi a preocupación e ocupación constante polo outro; polos demais. Unha e outra vez, os evanxelistas fálannos dun Xesús que cura un leproso, que resucita ó fillo dunha viuva, que axuda a uns noivos que se quedan sen viño nas bodas. Os outros, o outro, é unha referencia constante na vida de Xesús.

¿Por qué, entón, se fai ás veces de Xesús algo meramente formal, sen vida?... Porque é máis cómodo; porque dese xeito cada home vivirá a súa vida, coas súas preocupacións propias, e xa non terá que ocuparse das

alleas. Deste xeito, falsea a mensaxe daquel neno que naceu pobre, que viviu pobre e, aínda por riba, morreu nunha cruz coma se fose un criminal. Falsea a mensaxe, e traiciónaa.

Menos mal que ésta, é só unha versión parcial da realidade. Son moitos os homes e as mulleres que desa mensaxe fan algo vivo, que dese nacemento que se produciu en Belén fan algo que os compromete totalmente coa historia de cada momento, e cos homes e mulleres de cada momento.

Os exemplos no decorrer do tempo, son innumerables. ¡Cantos homes e mulleres fixeron da doutrina de Xesús o seu "santo e seña" e incluso deron a vida por ela dun xeito comprometido!. Por non ir a exemplos moi lonxanos que moitas veces non din nada, podemos coller o exemplo vivido hai uns días, que a tódolos homes e mulleres de boa fe nos fixo estremecer: a morte no Salvador do Padre Ellacuría e os seus compañeiros. Ahí temos un exemplo claro duns homes que incluso deron a súa vida por defender uns ideais, uns valores, un xeito de vivir tomado da doutrina posta de manifesto por aquel neno que naceu en Belén, e que veu cambiar o curso da historia ou -polo menos- darlle un xiro sustancial.

Son, naturalmente, casos extremos de comprender, de seguir o exemplo de Xesús. Pero hai tamén outros casos, moitos casos, innumerables casos de xente que vive para os demais, que se dá os demais, que serve ós demais; que saben que viven nun mundo no que os demais son irmáns, ós que hai que axudar e servir; gracias a eles a doutrina de Xesús sigue viva e vixente; gracias a eles o mundo en que vivimos é un pouco mellor.

Creemos que éste é o xeito de conmemorar o nacemento de Xesús, fillo de Xosé e María, fillo de Deus e Deus mesmo para os creentes, que veu traer á historia un novo xeito de vivir, de comprender, pero sobre todo de amar. Non fagamos da doutrina de Xesús algo fósil, senón vida que leve a buscar ós demais, xuntarse con eles para -entre todos- loitar contra da inxusticia, da explotación; para entre todos os que se queiran apuntar ó labor, facer un mundo mellor, unha sociedade máis xusta.

Remato xa, pero non sen facer mención a esta Centro no que me atopo, ó seu labor cultural, á súa decidida vocación de exaltación do Nadal, que o convirte no centro do Nadal non só da provincia de Lugo, senón de toda Galicia. Ven ser como unha conciencia que nos recorda aquel acontecemento histórico, o nacemento dun Neno que cambiou o rumbo da historia. Gracias a esta iniciativa, milleiros de galegos poden ver cada ano, aquí, reflexado artisticamente aquel feito. Gracias a esta iniciativa hoxe estamos aquí, todos, tamén, celebrando o Nadal.

Cos desexos dun bó Nadal e un próspero Aninovo, dou por rematado este Pregón, esta sinxela reflexión sobre Xesús de Nazareth.